



FISCALÍA GENERAL
DEL ESTADO



XUNTA DE GALICIA

PROTOCOLO PARA LA CREACIÓN DE UNA COMISIÓN DE COORDINACIÓN ENTRE EL MINISTERIO FISCAL EN GALICIA Y LA CONSELLERÍA DE JUSTICIA, INTERIOR Y ADMINISTRACIÓN LOCAL DE LA XUNTA DE GALICIA

En Bergondo – A Coruña (Pazo de Mariñán), a 20 de junio de 2003

REUNIDOS

Por la Fiscalía General del Estado, el Excelentísimo Sr. D. Jesús Cardenal Fernández, Fiscal General del Estado.

Por la Xunta de Galicia, el Excelentísimo Sr. D. Antonio Pillado Montero, Conselleiro de Justicia, Interior y Administración Local.

Intervienen en virtud de las competencias que cada uno posee y que mutuamente se reconocen, y

EXPONEN

El artículo 20.1 del Estatuto de autonomía para Galicia, aprobado por la Ley orgánica 1/1981, de 6 de abril, en relación con la Administración de justicia, establece que corresponde a la Comunidad Autónoma ejercer todas las facultades que la Ley orgánica del Poder Judicial reconozca o atribuya al Gobierno del Estado, asimismo el artículo 24.2 establece que corresponde al Estado la organización y funcionamiento del Ministerio Fiscal.

La Ley 50/1981, de 30 de diciembre, por la que se establece el Estatuto Orgánico del Ministerio Fiscal, en su artículo 11 regula las relaciones entre el Ministerio Fiscal y las Comunidades Autónomas. Cuando estas requieran, en defensa del interés público, la actuación del Ministerio Fiscal se dirigirán al Fiscal General del Estado a través del Ministerio de Justicia, el que, oída la Junta de Fiscales de Sala, resolverá lo procedente, ajustándose en todo caso al principio de legalidad. Asimismo, los artículos 71 y 72 establecen la existencia de personal técnico y auxiliar, así como de los medios materiales que el ejercicio de su función exija.

La provisión del personal auxiliar y de los medios materiales y económicos corresponde a la Xunta de Galicia, a través de la Consellería de Justicia, Interior y Administración Local, de acuerdo con lo dispuesto en el Real Decreto 2397/1996, de 22 de noviembre, que traspasa a la Comunidad Autónoma de Galicia las competencias sobre el personal al servicio de la Administración de Justicia adscrito a las Fiscalías, y en el Real Decreto 233/1998, de 16 de febrero, que traspasa las de provisión de medios materiales y económicos.



FISCALÍA GENERAL
DEL ESTADO



XUNTA DE GALICIA

En base a lo anteriormente expuesto, sin perjuicio del carácter estatal de la organización y funcionamiento del Ministerio Fiscal y con la finalidad de articular una fórmula estable de cooperación y colaboración, la Fiscalía General del Estado y la Consellería de Justicia, Interior y Administración Local acuerdan la creación de una Comisión de Coordinación entre ambas partes, que se regirá por las normas siguientes:

Primera.- La Comisión de Coordinación entre el Ministerio Fiscal y la Consellería de Justicia, Interior y Administración Local de la Xunta de Galicia se constituye para el estudio de las necesidades de provisión de medios materiales y recursos humanos en los órganos del Ministerio Fiscal en la Comunidad Autónoma de Galicia.

Segunda.- Forman la Comisión :

El Fiscal jefe del Tribunal Superior de Justicia de Galicia y los Fiscales jefes de las Fiscalías de las Audiencias Provinciales de Lugo, Ourense e Pontevedra, así como un Fiscal nombrado por el Fiscal General del Estado.

El Conselleiro, el Secretario General, el Director General de Justicia y dos integrantes de la Consellería de Justicia, Interior y Administración Local designados por el Conselleiro.

Tercera.- La Comisión actuará como órgano paritario adoptando sus decisiones por consenso.

Cuarta.- Según el turno que para el efecto se establezca procederán el Fiscal jefe del Tribunal Superior de Justicia o el Conselleiro de Justicia a acordar la convocatoria de las sesiones del pleno y la fijación del orden del día, teniendo en cuenta, en su caso, las peticiones de los demás miembros formuladas con la suficiente antelación.

Quinta.- Les corresponde a los miembros de la Comisión:

Recibir la convocatoria, conteniendo la información sobre los temas que figuren en el orden del día y que estará a disposición de los miembros en el mismo plazo.

Participar en los debates de las sesiones.

Formular ruegos y preguntas.

Obtener la información precisa para cumplir las funciones asignadas.

Cuantas funciones sean inherentes a su condición.



FISCALÍA GENERAL
DEL ESTADO



XUNTA DE GALICIA

Sexta.- Actuará como secretario de la comisión el Subdirector General de Relaciones con la Administración de Justicia y Recursos Humanos, a quien le corresponde:

Preparar y tramitar el orden del día de las reuniones de la Comisión.

Transmitir a los miembros de la Comisión la convocatoria, el orden del día, así como remitirles las actas de las sesiones.

Remitir a la Fiscalía General del Estado, por conducto del Director General de Justicia, las actas aprobadas.

Asistir a las reuniones con voz, pero sin voto.

Redactar y autorizar las actas de las sesiones.

Cuantas otras funciones sean inherentes a su condición de secretario.

Séptima.- La Comisión podrá convocar a las reuniones, con voz y sin voto, a las autoridades y personal técnico que crea pertinentes para el mejor asesoramiento sobre las cuestiones a tratar.

Octava.- Las reuniones del Pleno de la Comisión se celebrarán en la sede de la Consellería de Justicia, Interior y Administración Local o de la Fiscalía del Tribunal Superior de Justicia de Galicia, según se establezca en cada caso.

Novena.- Las peticiones de los órganos del Ministerio Fiscal dirigidas a la Comisión de Coordinación deberán ser elevadas a través del Fiscal Jefe del Tribunal Superior de Justicia de Galicia, que las transmitirá al Conselleiro de Justicia, Interior y Administración Local con antelación a la convocatoria correspondiente.

Por todo ello, al objeto de formalizar el inicio de las reuniones de la Comisión de Coordinación, el Fiscal General del Estado y el Conselleiro de Justicia, Interior y Administración Local, firman el presente protocolo.

El Fiscal General del Estado,

Fdo.: Jesús Cardenal Fernández

El Conselleiro de Justicia, Interior y
Administración Local,

Fdo.: Antonio Pillado Montero



FISCALÍA GENERAL
DEL ESTADO



XUNTA DE GALICIA

PROTOCOLO PARA A CREACIÓN DUNHA COMISIÓN DE COORDINACIÓN ENTRE O MINISTERIO FISCAL EN GALICIA E A CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E ADMINISTRACIÓN LOCAL DA XUNTA DE GALICIA

En Bergondo – A Coruña (Pazo de Mariñán), a 20 de xuño de 2003

REUNIDOS

Pola Fiscalía Xeral do Estado, o Excelentísimo Sr. D. Jesús Cardenal Fernández, Fiscal Xeral do Estado.

Pola Xunta de Galicia, o Excelentísimo Sr. D. Antonio Pillado Montero, Conselleiro de Xustiza, Interior e Administración Local.

Interveñen en virtude das competencias que cada un posúe e que mutuamente se recoñecen, e

EXPOÑEN

O artigo 20.1 do Estatuto de autonomía para Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, en relación coa Administración de xustiza, establece que lle corresponde á Comunidade Autónoma exercer tódalas facultades que a Lei orgánica do poder xudicial recoñeza ou atribúa ó Goberno do Estado, así mesmo o artigo 24.2 establece que lle corresponde ó Estado a organización e funcionamento do Ministerio Fiscal.

A Lei 50/1981, do 30 de decembro, pola que se establece o Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal, no seu artigo 11 regula as relacións entre o Ministerio Fiscal e as comunidades autónomas. Cando estas requiran, en defensa do interese público, a actuación do Ministerio Fiscal, dirixiranse ó fiscal xeral do Estado a través do Ministerio de Xustiza, o que, oída a Xunta de Fiscais de Sala, resolverá o procedente, axustándose en todo caso ó principio de legalidade. Así mesmo, os artigos 71 e 72 establecen a existencia de persoal técnico e auxiliar, así como dos medios materiais que o exercicio da súa función esixa.

A provisión do persoal auxiliar e dos medios materiais e económicos correspóndelle á Xunta de Galicia, a través da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local, de acordo co disposto no Real decreto 2397/1996, do 22 de novembro, que traspara á Comunidade Autónoma de Galicia as competencias sobre o persoal ó servizo da Administración de xustiza adscrito ás fiscalías, e no Real decreto 233/1998, do 16 de febreiro, que traspara as de provisión de medios materiais e económicos.



FISCALÍA GENERAL
DEL ESTADO



XUNTA DE GALICIA

Con base no anteriormente exposto, sen prexuízo do carácter estatal da organización e funcionamento do Ministerio Fiscal e coa finalidade de articular unha fórmula estable de cooperación e colaboración, a Fiscalía Xeral do Estado e a Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local acordan a creación dunha Comisión de Coordinación entre ambas partes, que se rexerá polas normas seguintes:

Primeira.- A Comisión de Coordinación entre o Ministerio Fiscal e a Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local da Xunta de Galicia constitúese para o estudo das necesidades de provisión de medios materiais e recursos humanos nos órganos do Ministerio Fiscal na Comunidade Autónoma de Galicia.

Segunda.- Forman a Comisión:

O fiscal xefe do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e os fiscais xefes das fiscalías das audiencias provinciais de Lugo, Ourense e Pontevedra, así como un fiscal nomeado polo fiscal xeral do Estado.

O conselleiro, o secretario xeral, o director xeral de Xustiza e dous integrantes da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local designados polo conselleiro.

Terceira.- A Comisión actuará como órgano paritario e adoptará as súas decisións por consenso.

Cuarta.- Segundo a quenda que para o efecto se estableza procederán o fiscal xefe do Tribunal Superior de Xustiza ou o conselleiro de Xustiza a acorda-la convocatoria das sesións do pleno e a fixación da orde do día, tendo en conta, se é o caso, as peticións dos demais membros formuladas coa suficiente antelación.

Quinta.- Correspóndelles ós membros da Comisión:

Recibi-la convocatoria, que debe conte-la información sobre os temas que figuren na orde do día e que estará a disposición dos membros no mesmo prazo.

Participar nos debates das sesións.

Formular rogos e preguntas.

Obte-la información precisa para cumpri-las funcións asignadas.

Cantas funcións sexan inherentes á súa condición.

Sexta.- Actuará como secretario da comisión o subdirector xeral de Relacións coa Administración de Xustiza e Recursos Humanos, a quen lle corresponde:

Preparar e tramita-la orde do día das reunións da Comisión.



FISCALÍA GENERAL
DEL ESTADO



XUNTA DE GALICIA

Transmitirlles ós membros da Comisión a convocatoria, a orde do día, así como remitírille-las actas das sesións.

Remitir á Fiscalía Xeral do Estado, por medio do director xeral de Xustiza, as actas aprobadas.

Asistir ás reunións con voz, pero sen voto.

Redactar e autoriza-las actas das sesións.

Cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de secretario.

Sétima.- A Comisión poderá convocar ás reunións, con voz e sen voto, as autoridades e persoal técnico que crea pertinentes para o mellor asesoramento sobre as cuestións que se vaian tratar.

Oitava.- As reunións do Pleno da Comisión terán lugar na sede da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local ou da Fiscalía do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, segundo se estableza en cada caso.

Novena.- As peticións dos órganos do Ministerio Fiscal dirixidas á Comisión de Coordinación deberán ser dirixidas a través do fiscal xefe do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que llas transmitirá ó conselleiro de Xustiza, Interior e Administración Local con antelación á convocatoria correspondente.

Por todo isto, co obxecto de formaliza-lo inicio das reunións da Comisión de Coordinación, o Fiscal Xeral do Estado e o Conselleiro de Xustiza, Interior e Administración Local, asinan o presente protocolo.

O Fiscal Xeral do Estado,

O Conselleiro de Xustiza, Interior e
Administración Local,

Asdo.: Jesús Cardenal Fernández

Asdo.: Antonio Pillado Montero

